

## OURENSE

### MIGUEL ÁNGEL SANTALICES VIEIRA

Presidente do Parlamento de Galicia

# “GALICIA SEMPRE FIRMA CO GALEGUISMO HARMÓNICO, ONDE TODOS ESTAMOS INTEGRADOS”

ENRIQUE MARTÍNEZ. OURENSE  
local@laregion.net

#### PERFIL

##### Nome

Miguel Ángel Santalices

##### Lugar de nacemento

Bande, 17 de marzo de 1955

##### Titulación

Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidad de Santiago de Compostela

##### Cargo

Presidente do Parlamento de Galicia

■■■ O ourensán Miguel Ángel Santalices será por catro anos máis o presidente do Parlamento de Galicia, trala súa reelección este venres durante a xornada de constitución da Cámara. Santalices é membro do Comité Executivo do Partido Popular de Galicia e do Comité Executivo Provincial do PP de Ourense.

#### Como é o seu balance da lexislatura?

Eu entrei substituíndo a Pilar Rojo en xaneiro de 2016. Tivemos unha tarefa lexislativa importante, debatéronse cuestións de gran transcendencia. A lexislatura estivo marcada pola escisión do grupo parlamentario En Marea, provocando que algúns deputados pasen ao grupo mixto. En tanto ao traballo realizado, penso que se acadaron uns niveis de consenso razonables. Foi unha lexislatura caracterizada polo diálogo, sen momentos de tensión grande.

#### Vostede remarca sempre a importancia do consenso.

E agora aínda máis, porque estou convencido de que esta será a lexislatura das persoas. Haberá temas para os que nos poñeremos facilmente de acordo e outros para os que deberemos estar á altura da confianza depositada pola xente.

#### É o máis veterano da Cámara. Pode ser isto un factor determinante?

Eu entrei no 97, esta é xa a miña séptima lexislatura. Ninguén coñe-

ce o Parlamento como mí, e este longo percorrido dame unha visión integral e a posibilidade de comparar etapas antigas e actuals. Sei en que momentos reconducir o debate en favor da harmonía parlamentaria, posta á disposición do cidadán.

#### Que imaxe teñen os galegos do Parlamento de Galicia?

Nos últimos tempos levamos a cabo unha política de portas abertas no Parlamento co obxectivo de que sexa máis coñecido, e creo que o estamos conseguindo. Visitámos moitos colexios, e chegan 30.000 nenos ao ano. Polo orden no que o pidan, pagámosses a viaxe para que coñezan o Parlamento e o Goberno, as dúas institucións. E eses nenos falan despois e contánnelle aos seus avós. Isto nos fixo máis coñecidos, o cal é importante porque quen lexisla ten un impacto directo na cidadanía.

#### Onde deben estar o Parlamento Galego e a clase política nestes momentos?

Coas persoas. Temos que volcarnos en axudar á xente que o está pasando mal. O sufriemento é grande e pode ser aínda maior.

#### Como valora a situación da sanidade galega?

En Galicia a sanidade mellorou moito. Eu vivín a situación antes e despois da transferencia sanitaria ás comunidades, e o cambio foi extraordinario: construíronse hospitais, creáronse unidades es-

#### AS FRASES

✓ "Ninguén coñece o Parlamento como mí"

✓ "A pasada foi unha lexislatura marcada pola escisión do grupo de En Marea. E caracterizada polo diálogo".


✓ "Ourense é unha potencia termal, temos unha riqueza importantísima. Trataremos de incluir o termalismo na carteira do servizo nacional de saúde,

✓ "Prefiro quedarme coa imaxe de Juan Carlos I no momento no que nos salvou o golpe de Estado, que con cousas menos agradables"

pecíficas que non tiñamos... Recordo que os galegos tiñan que ir a Santander para operarse o corazón, porque non había ningunha unidade para a cirurxia cardíaca en Galicia. Agora hai tres. No que respecta ao covid, Galicia foi un exemplo, separando os servizos de urgencias entre patoloxías con síntomas compatibles coa covid e non compatibles. Temos que ser preavídios, para que os contaxiados non medren exponencialmente.

#### E como ve o porvir de Ourense?

Como ourensano, que presume deste sentimento de ourensania, temos unha riqueza importantísima dentro do sector termal. Unha cousa é falar de termas de ocio e outra da saúde. Somos unha potencia, temos augas medicinais que teñen propiedades curativas. O presidente da Deputación, Manuel Baltar, é tamén presidente das cidades termais de toda Europa neste momento, e todo isto ten un potencial que debemos aproveitar. Trataremos de incluir o termalismo na carteira de servizos do servizo nacional de saúde, chegando xente doutras comunidades a tra-



Miguel Ángel Santalices, presidente do Parlamento.

JOSE PAZ

tarse. E todo isto nos favorecerá ainda máis cando teñamos o AVE a Madrid, conectándonos en dúas horas e pouco.

#### Cre que os galegos premiaron ao galeguismo, cos bons resultados de PP e BNG e a exclusión de VOX, e que saíu reforzado o sector máis galeguista do PP?

Eu creo que Galicia sempre firma co galeguismo sen tensións, harmónico, onde todos estamos integrados, orgullosos da nosa lingua e cultura. Axente valora moito que as nosas propostas non descoiden o sentimento galeguista. Alérgome porque son un galeguista convencido. E é moi oportuno seguir esta liña de traballo, onde a xente se siente cómoda.

#### Como valora os derradeiros resultados electorais, onde o Partido Popular acadou a mayoría absoluta?

Foron moi bons. A cidadanía valora moito as propostas argumentadas. O pobo galego ten a capacidade de discernir cal é a mellor elección. O PP en Ourense ten uns resultados altísimos. Mantense unha liña continuada de apoio ao partido

"NESTA LEIXSLATURA TEMOS QUE VOLCARNOS EN AXUDAR Á XENTE QUE O ESTÁ PASANDO MAL. O SUFRIMENTO É GRANDE E PODE SER AÍNDA MAIOR"

por riba do 50% en Ourense, nas últimas eleccións no 53%.

#### É un dos temas da actualidade. Que opinión ten sobre a saída de España do rei emérito?

Ese non é Juan Carlos I co que quero quedarme. Recordo perfectamente o golpe de Estado do 81. Estaba co meu pai nun bar en Bande, e tamén case a metade do pobo concentrado nel. E recordo a imaxe do rei e a tranquilidade que me transmitira. O meu pai era boticario en Bande e moita xente xa preguntaba se podería vir á nosa casa, que estaba na fronteira, para desde ela fuxir a Portugal. E entón o rei transmitiu a tranquilidade que nese momento ningunha tiña. Prefiro quedarme con esa imaxe, co momento no que salvou o golpe de Estado, que con cousas menos agradables. ■

Cal é o futuro de Galicia?